

ENCONTRO LINGÜÍSTICO IES ELVIÑA- AGRA DE LEBORÍS

ORGANIZACIÓN: Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística.

OBXECTIVOS:

- Dinamizar e poñer en valor a presenza social da nosa lingua dende o ámbito educativo.
- Reforzar os lazos de convivencia entre iguais asociando vida escolar e ocio.

NIVEL: 3º ESO A, E (en total 30/31 rapaces e rapazas de cada instituto)

DATA: 25 DE ABRIL DE 2008

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

- 9,20 horas: RECEPCIÓN (BENVIDA)
- 9,30-10,30: XOGO COLECTIVO (para formar grupos de 6 mixtos Elviña- Agra de Leborís)
- 10,30-10,50: RECREO , no centro coma calquera día.
- XOGO DE PISTAS, pola vila da Laracha (actividades programadas)*
- 12,30-12,50: RECREO: entrega de premios no centro.
- 12,50- 14,30: CASA DA CULTURA co escritor SÉCHU SENDE*
- 14,30 até 17,15 horas aprox.: XANTAR NO MERENDEIRO DO RÍO.*
- CHEGADA AO INSTITUTO ÁS 18 HORAS.

*Xogo de pistas :

- Formación de grupos de 6 alumnos (tres de cada instituto), cada grupo terá que colocarse a súa acreditación co nome do equipo.
- Desenvolvemento do xogo: pescuda de información en grupos por diversos lugares da Laracha (coa supervisión do profesorado).
- O xogo gañarao o grupo que antes chegue ao punto acordado, coas respostas correctas do cuestionario que se lles entregará ao inicio da actividade.

* Casa da Cultura: O escritor Séchu Sende, dinamizador lingüístico.

*Xantar no merendeiro do río Anllóns:

Os rapaces e rapazas deberán traer bocata e bebida para o xantar. Tamén poden traer algún instrumento musical, cámara fotográfica, etc.

O profesorado organizará actividades lúdicas e acompañará o alumnado até a volta ao instituto arredor das seis da tarde. (Os alumnos da Laracha non terán transporte, deberán recollelos os seus familiares).

Agradecemos de antemán a súa colaboración e esforzo autorizando os seus fillos e fillas a participar nesta actividade.

Reciban un cordial saúdo do Equipo de NeDL a través da súa coordinadora:

Asdo.:Luísa V. Segade

